



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Secretaría Xeral

Aprobación definitiva do Regulamento da Mesa da Hostalaría do Concello de Santiago de Compostela

O Pleno da Corporación do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria do 4 de novembro de 2024, aprobou inicialmente a o Regulamento da Mesa de Hostalería do Concello de Santiago de Compostela.

Durante o prazo establecido para a presentación de reclamacións e suxestións non se presentou ningunha, polo que o regulamento enténdese definitivamente aprobado.

Ao abeiro do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, procédese á publicación do texto íntegro do Regulamento do Consello do Medio Rural do Concello de Santiago de Compostela, que é do seguinte teor literal:

“REGULAMENTO DA MESA DE HOSTALARÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Natureza

Artigo 2. Ámbito de actuación

Artigo 3. Funcións da Mesa de Hostalería

CAPÍTULO II. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN

Artigo 4. Composición da Mesa

Artigo 5. Nomeamentos e substitucións

Artigo 6. Funcións das persoas membros

Artigo 7. Da Presidencia

Artigo 8. Da Secretaría

Artigo 9. Comisións de traballo

Artigo 10. Duración do mandato

CAPÍTULO III. RÉXIME DE SESIÓNS E ADOPCIÓN DE ACORDOS

Artigo 11. Xuntanzas e acordos

Artigo 12. Convocatoria das Xuntanzas

CAPÍTULO IV. SEDE

Artigo 13. Sede

Disposición final

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A participación cidadá é un dos piares sobre os que se asenta a idea de democracia e tamén un dos medios a través dos cales a cidadanía vulga a acción dos seus gobernos. Supón recoñecer a pluralidade de pensamentos, opinións e visións dos asuntos e contribúe ao desenvolvemento social, á construción do capital social, ao fomento da corresponsabilidade e á mellora da calidade dos servizos públicos. As vantaxes e beneficios que comporta a participación cidadá fanse máis evidentes no eido local, onde as organizacións económicas e sociais, como artelladoras da comunidade, e as persoas individualmente teñen o dereito e o deber de esixiren que se teñan en conta e se debatan as súas demandas, críticas e propostas.

A Carta europea de autonomía local aprobada en Estrasburgo, o 15 de outubro de 1985, considera no seu preámbulo que o dereito da cidadanía a participar na xestión dos asuntos públicos forma parte dos principios democráticos comúns a todos os estados membros do Consello de Europa, entendendo que a autonomía local supón o dereito e a capacidade efectiva das entidades locais para ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos no marco da lei, baixo a súa responsabilidade e en beneficio da súa poboación.

A Constitución, no título preliminar, establece o dereito da cidadanía a participar na vida política, económica, cultural e social (artigo 9.2), aludindo á obriga dos poderes públicos de promoveren as condicións para a participación libre e eficaz da cidadanía no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

A participación cidadá a través de consellos consultivos vén prevista no artigo 71 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, nos artigos 1, 69 e 71 bis da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e nos artigos 130 e 131 do Regulamento 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; tamén está recollida no artigo 29 do Regulamento de participación cidadá do Concello de Santiago de Compostela aprobado por acordo plenario do 4 de decembro de 1998.

O sector comercial en xeral e a hostalaría en particular constitúen un dos sectores básicos na planificación económica e social deste concello, capital de Galicia, patrimonio da humanidade e cun marcado carácter de cidade universitaria e turística, tanto por constituíren un motor fundamental da actividade socioeconómica como pola riqueza e o emprego que xeran.

A hostalaría está directamente relacionada co papel de concello de Santiago como receptor e acoledor dunha importante afluencia turística, polo que é decisiva a súa implicación de cara a lograr un modelo turístico máis consciente e sustentable, que resulte harmónico coa calidade de vida da veciñanza e enriquecedor desde o punto de vista socioeconómico e cultural.

Así mesmo, as propias características da actividade que desenvolve, como servizo para o lecer e a atención ás persoas, implican un abano amplo das competencias municipais entre as que sobrancean as relacionadas cos servizos de abastecemento e saneamento, a recollida e o tratamento de residuos ou a mobilidade, coa ordenación urbanística ou coa convivencia.

Neste contexto xorde a necesidade da constituír un órgano permanente de diálogo coas asociacións que agrupan o sector, como principais interlocutoras e coñecedoras das particularidades da súa actividade, que permita analizar os problemas, formular propostas e planificar medidas en ben do interese xeral a respecto de todos estes asuntos.

Con este fin créase a Mesa de Hostalaría, como órgano consultivo, de participación e diálogo entre o Concello de Santiago e as entidades asociativas acreditadas como representantes do sector da hostalaría no ámbito local, que se rexerá por este regulamento.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Natureza

1. A Mesa de Hostalaría é un órgano colexiado municipal, de natureza consultiva, informativa e de participación sectorial para a definición e seguimento das políticas municipais referidas ao sector da hostalaría no que abordar os asuntos que atinxen aos negocios e asociacións deste ámbito en Santiago de Compostela.

A Mesa de Hostalaría créase coa base nas previsións que sobre a participación cidadá nos asuntos municipais dispoñen os artigos 71 bis da Lei reguladora das bases do réxime local e 71 da Lei 5/97 do 22 de xullo da Administración Local de Galicia e na restante normativa de ámbito estatal e local, nomeadamente no Regulamento de participación cidadá do Concello de Santiago de Compostela, sen prexuízo do exercicio das facultades de decisión dos órganos representativos regulados por lei.

Os estudos, propostas e informes que emita a Mesa de Hostalaría teñen carácter informativo e fins consultivos non vinculantes. En consecuencia, configúrase como un órgano permanente de participación, asesoramento, consulta, proposta, información, comunicación e debate.

2. A Mesa de Hostalaría rexerase por este regulamento e, no non previsto nel, polo Regulamento de participación cidadá e polas demais disposicións que lle sexan de aplicación.

Artigo 2. Ámbito de actuación

O ámbito de actuación da Mesa de Hostalaría é coincidente cos límites e competencias municipais, sempre referido aos asuntos que lle afectan.

Artigo 3. Funcións da Mesa de Hostalaría

1. Son funcións desta Mesa representar e canalizar a participación comunitaria en asuntos relacionados coa actividade da hostalaría no termo municipal do Concello de Santiago de Compostela, a través das organizacións deste sector, elaborar propostas de actuación na materia e realizar o seu seguimento.

As competencias da Mesa de Hostalaría son:

- a) Promover, colaborar, asesorar ou realizar informes ou estudos sobre a situación do sector ou sobre os asuntos de competencia municipal que lle atinxan, cuxo resultado poderá servir de base para formular propostas de actuación.
- b) Potenciar a participación do sector nos asuntos municipais.
- c) Impulsar a colaboración e cooperación entre asociacións e entidades, xa sexan públicas ou privadas, que desenvolvan actuacións relacionadas coa actividade da hostalaría.
- d) Promover a participación do sector en prol de obxectivos de interese xeral que requiran da súa colaboración.
- e) Canalizar a información entre o Concello e o sector sobre os asuntos que lle atinxen dentro das competencias municipais.

CAPÍTULO II. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN

Artigo 4. Composición da Mesa

A Mesa de Hostalaría compoñeráse de cadansúa representación do Concello e das entidades que agrupan o sector da hostalaría e contará cos seguintes órganos: Presidencia, vogalías e secretaría.

Presidencia:

- Titular da Alcaldía ou da Concellería en quen delegue.

Vicepresidencia:

- Unha persoa designada polas entidades asociativas acreditadas como representantes do sector.

Vogalías:

- As persoas representantes das concellarías que exerzan responsabilidades delegadas nas materias de Urbanismo, Promoción Económica, Turismo e Seguridade, alén dunha persoa representante de cada un dos grupos políticos que formen o Pleno da Corporación.
- Dúas persoas por cada unha das entidades asociativas acreditadas como representantes do sector ou de parte del que soliciten integrarse neste órgano de participación.

Entenderase por entidades acreditadas como representantes do sector aquelas que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e teñan entre os seus fins a representación e defensa do sector hostaleiro no seu conxunto ou a respecto dalgúns dos seus subsectores.

Secretaría:

- A persoa titular da Secretaría Xeral do Pleno ou aquela en quen delegue

Así mesmo, para funcións de asesoramento, a propia Mesa poderá acordar que participe nas súas sesións persoas expertas ou representantes doutras organización ou entidades que resulten de interese para os temas que se traten, que participaran actuando con voz pero sen voto.

Artigo 5. Nomeamentos, substitución e baixa dos membros

As asociacións ou organizacións que desexen formar parte da Mesa de Hostalaría deberán presentar formalmente a súa solicitude no Concello de Santiago, na que farán constar o número de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións. Achegarán, asemade, unha certificación emitida pola súa Secretaría na que conste o que segue:

- A referencia ao acordo adoptado polo órgano competente polo que se solicita a participación na Mesa de Hostalaría.
- Que os estatutos presentados no Rexistro Municipal de Asociacións permanecen en vigor sen cambios. En caso contrario deberán achegar copia dos estatutos vixentes.
- O número de persoas ou entidades asociadas.
- Os datos das dúas persoas nomeadas como representantes e doutras dúas substitutas para os casos de ausencia.
- Os datos de contacto da asociación aos que deban enviarse as comunicacións relacionadas co funcionamento da Mesa de Hostalaría.

Calquera modificación dos datos relativos á representación e ao contacto deberá notificarse á Secretaría da Mesa dentro do mes seguinte á data en que se produza.

Unha vez que os grupos políticos membros do Pleno e as entidades acreditadas designen as persoas representantes nesta Mesa, e as súas substitutas para os casos de inasistencia das titulares, darase conta á Xunta de Goberno da composición final do organismo. Así mesmo, darase conta das incorporacións ou baixas de entidades que se produciren.

As organizacións membros da Mesa poderán substituír as persoas que as representan por outras, acreditándoo co acordo correspondente ante a Secretaría da Mesa, que dará traslado a este órgano.

No nomeamento das persoas membros terase en conta o establecido no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, procurando atender ao principio de presenza equilibrada entre ambos os sexos na composición. Tamén se atenderá ao previsto no Decreto legislativo 2/2015 do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

As entidades sociais participantes na Mesa de Hostalaría perderán a súa condición polas seguintes causas:

- a) Disolución da entidade asociativa acreditada
- b) Acordo adoptado pola propia entidade asociativa
- c) Baixa no Rexistro Municipal de Asociacións.
- d) Falta de asistencia das persoas representantes ás sesións da Mesa tres veces consecutivas.
- f) Incumprimento reiterado deste regulamento, dos acordos da Mesa ou perturbación grave do seu funcionamento.

Esta perda de condición de membro deberá ser acordada pola Mesa, unha vez tramitado o oportuno expediente, no que se lle dará audiencia á entidade asociativa acreditada.

As persoas que representen o Concello nesta Mesa farano en virtude do seu cargo, polo que perderán esta condición cando cesen neste e serán substituídos por quen o o exerza.

Artigo 6. Funcións das persoas membros

Son funcións das persoas membros:

1. Proponer asuntos para incluír na orde do día das sesións
2. Participar nos debates das sesións
3. Formular propostas en relación cos asuntos fixados na orde do día
4. Exercer o seu dereito ao voto e formular votos particulares, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
5. Formular iniciativas, preguntas e suxestións
6. Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
7. Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

As persoas membros da Mesa non poderán atribuírse a súa representación salvo que expresamente se lles outorgue por acordo validamente adoptado, para cada caso concreto, polo propio órgano.

Deberán, así mesmo, respectar a confidencialidade da información a que accedan pola súa condición de membros, aínda con posterioridade ao seu cesamento.

No nomeamento das persoas membros terase en conta o establecido no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, procurando atender ao principio de presenza equilibrada entre ambos os sexos na composición. Tamén se atenderá ao previsto no Decreto legislativo 2/2015 do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Artigo 7. Presidencia

A Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela presidirá a Mesa da Hostalaría e poderá delegar este cargo na persoa titular dunha concellería delegada.

Son funcións da Presidencia:

1. Representar a Mesa de Hostalaría.
2. Acordar a convocatoria, fixar a orde do día, presidir e moderar as sesións ordinarias e extraordinarias da Mesa e das súas comisións, se as houber.
3. Velar polo cumprimento dos acordos da Mesa da Hostalaría e das súas normas de funcionamento.
4. Someter iniciativas e propostas á súa consideración.
5. Dar o seu visto e prace ás actas e ás certificacións de acordos.
6. Dirimir co seu voto os empates para os efectos de adoptar acordos.
7. Resolver as dúbidas que se presenten na aplicación deste regulamento.

8. Informar á Corporación Municipal dos acordos alcanzados.

9. Exercer cantas funcións lle encomende a Mesa sempre que sexan inherentes á súa condición.

Artigo 8. Secretaría

Actuará como titular da Secretaría, con voz pero sen voto, a persoa titular da Secretaría Xeral do Pleno ou persoa en quen delegue.

Son funcións da Secretaría:

1. Realizar a xestión administrativa dos asuntos da Mesa de Hostalaría.
2. Asistir á Presidencia e á Mesa da Hostalaría en todos os asuntos inherentes á súa condición para os que se lle requira.
3. Efectuar as convocatorias das sesións por orde da Presidencia, así como as citacións ás compoñentes, enviando a documentación correspondente.
4. Asistir ás sesións, con voz pero sen voto, elaborar as súas actas, autorizalas coa súa sinatura e co visto e prace da Presidencia e dar o curso correspondente aos acordos que se adopten, se os houber. As actas deberán someterse á aprobación do organismo nunha sesión posterior.
5. Expedir, co visto e prace da Presidencia, certificacións sobre actos e acordos da Mesa.
6. Levar de forma actualizada o rexistro de membros, así como as altas e baixas
7. As demais que lle sexan encomendadas pola Presidencia da Mesa.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular da Secretaria da Mesa será substituída no exercicio das súas funcións pola persoa que veña designada como suplente.

Artigo 9. Comisións de traballo

As comisións de traballo son grupos cuxa finalidade é analizar, elaborar informes ou propostas así como desenvolver, baixo a supervisión da Mesa, os proxectos e programas que esta lles encomende sobre temas específicos.

A Mesa poderá crear, con carácter temporal ou permanente, as comisións de traballo que considere oportunas. O acordo de creación determinará o seu cometido e organización interna.

Estarán integradas por, cando menos, catro membros da Mesa e poderán solicitar a participación doutras persoas expertas ou especialmente interesadas nos temas que traten.. Unha das integrantes da comisión, que á súa vez sexa membro da Mesa, exercerá a súa coordinación e encargarse da interlocución coa Mesa.

No supostos de que teñan carácter permanente, no acordo de creación poderán fixarse os prazos en que se renoven os seus membros.

Artigo 10. Duración do mandato

As representacións dos grupos municipais integrantes da Corporación manterán esta condición mentres perdure o mandato da Corporación Local en que se produza o seu nomeamento, sen prexuízo de que se poidan substituír dentro dun mesmo mandato.

O resto das vogalías exercerán tal condición durante un período de catro anos, sen prexuízo da súa posible prórroga automática, que poderá ter carácter indefinido salvo denuncia expresa formulada por parte das organizacións que representan, que poderán propor a súa substitución en calquera momento.

CAPÍTULO III. RÉXIME DE SESIÓNS E ADOPCIÓN DE ACORDOS

Artigo 11. Xuntanzas e acordos

Corresponde á Presidencia formular a orde do día das convocatorias, que serán enviadas ao enderezo electrónico oficial das entidades con cinco días de anticipación no caso das reunións ordinarias e con dous no caso das extraordinarias.

Se algún membro desexa incluír asuntos na orde do día deberá formular as propostas por escrito cunha anticipación mínima de dez días a respecto da data establecida para a convocatoria ordinaria.

As reunións da Mesa poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

A Mesa da Hostalaría reunirse ordinariamente cada trimestre e extraordinariamente cando así o acorde a Presidencia ou o solicite un terzo dos seus membros.

Para a válida constitución das sesións da Mesa requirirase, en primeira convocatoria, a presenza de, cando menos, a metade do número legal das persoas membros mais a Presidencia e a Secretaría, titulares ou suplentes. En segunda convocatoria será suficiente a asistencia dun terzo do número legal das persoas membros, titulares ou suplentes, mais a

Presidencia e a Secretaría ou as súas substitucións legais. Para a segunda convocatoria bastará o transcurso de media hora dende a primeira convocatoria.

A convocatoria deberá conter a orde do día fixada pola Presidencia, a data, hora e lugar da sesión e ir acompañada, se é o caso, da documentación necesaria.

A Mesa poderá convidar ás súas sesións, con voz pero sen voto, asociacións, organismos ou persoas expertas relacionadas con algún asunto dos incluídos na orde do día.

Os acordos da Mesa adoptaranse por maioría simple das persoas presentes, salvo que algunha disposición esixa maioría absoluta. Existe maioría simple cando os votos afirmativos sexan máis que os negativos. Entenderase por maioría absoluta cando os votos afirmativos sexan máis da metade do número legal de membros con dereito a voto.

O voto é persoal e indelegable e non se admitirán votos por correo. En caso de empate farase valer o voto de calidade da Presidencia.

Os acordos ou documentos que elabore a Mesa da Hostalaría entenderanse como propostas non vinculantes e a súa efectiva execución por parte do Concello requirirá, se fose o caso, dos actos administrativos que correspondan.

Artigo 12. Convocatoria das xuntanzas

A convocatoria das sesións, levarase a cabo, sempre que sexa posible, por medios telemáticos e deberá comunicarse a cada unha das persoas membros da Mesa cunha antelación mínima de cinco días no caso de sesións ordinarias e de dous días no caso de sesións extraordinarias. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará a disposición das persoas membros da Mesa en igual prazo.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que asistan todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

A comunicación das convocatorias corresponderá á Secretaría e conterà a orde do día das reunións.

CAPÍTULO IV. SEDE

Artigo 13. Sede

A sede é o lugar de reunión da Mesa que será a Casa do Concello de Santiago ou o lugar que en cada caso designe a Presidencia na convocatoria.

DISPOSICION FINAL. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e logo de transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local."

Contra este acordo poderá interpoñerse polos interesados recurso contencioso- administrativo, perante a Sala do Contencioso- administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2025.

A alcaldesa,

Goretti Sanmartín Rei.

2025/864